

CONSECUENCIAS DO CONTACTO LINGÜÍSTICO ENTRE MIRANDÉS E PORTUGUÉS

Alberto Gómez Bautista

Instituto Politécnico de Lisboa-ISCAL

Centro de Línguas, Literatura e Culturas

da Universidade de Aveiro

DOI: [10.17075/vlcpi.2020.003](https://doi.org/10.17075/vlcpi.2020.003)

1. INTRODUCCIÓN

A idea de que hai linguas que viven illadas do resto de idiomas e sen calquera contacto co exterior non se corresponde coa realidade da inmensa maioría das linguas faladas no mundo. Desde que existen comunidades humanas posuidoras de linguaxe, estas relaciónanse entre si. O contacto entre as diferentes linguas tivo sempre un papel fundamental na súa evolución (Malmberg 1995; Appel & Muysken 1987; Sala 1998). Non obstante, considerar o monolingüismo como regra e o bilingüismo ou o plurilingüismo como excepción constitúe aínda unha crenza moi arraigada nos nosos días. Porén, as actuais correntes lingüísticas asentan na idea de que o bilingüismo e o plurilingüismo son a regra e non a excepción, visto que o monolingüismo non é o normal nas sociedades humanas (Weinreich 1968; Sala 1998).

As investigacións sobre o contacto lingüístico tiveron un grande desenvolvemento ao longo do século XIX, aínda que nesa época a reflexión se centraba nas clasificacións xenéticas e tipolóxicas das linguas. No século XX, a maioría dos investigadores do mundo anglosaxón, xermánico e románico interesábanse por outros asuntos nas súas investigacións, o que explica o desinterese que houbo con relación ao estudo do contacto lingüístico nese período, como sinala Hickey:

Language contact was at the centre of work by scholars somewhat outside the mainstream. Smaller departments at universities, dealing with non-Indo-European languages or Indo-European ones apart from the Germanic and Romance languages, often produced research in which contact was pivotal (Hickey 2010: 1).

Así e todo, en 1953 publicouse o traballo de Uriel Weinreich *Languages in Contact*, que hoxe é nun clásico dos estudos sobre o contacto lingüístico. Pero naquelas datas estaban a xurdir os primeiros estudos xenerativistas e produciuse tamén o auxe dos estudos de sociolingüística que dominarán as décadas seguintes.

Será a finais dos anos setenta e na década de oitenta do século pasado cos traballos de Moravcsik (1978) e Heath (1984) cando se inicia o *boom* nos estudos neste ámbito. Paralelamente, desde os anos noventa até hoxe o enorme desenvolvemento nos estudos sobre a aprendizaxe de linguas contribuíu de forma significativa para o incremento do interese nas investigacións de teor didáctico, centradas nos aspectos psicolingüísticos da adquisición de linguas e do contacto lingüístico en contextos de ensino-aprendizaxe (Ruiz 2001; Suisse 2016). Os traballos que foron xurdindo achéganse ao estudo do contacto lingüístico desde diversas perspectivas: uns fan fincapé nunha abordaxe tipolóxica segundo modelos de representación das familias de linguas; outros adoptan unha perspectiva sociolingüística; outro ramo moi desenvolvido nos últimos anos é psicolingüístico, vencellado ao estudo dos procesos de aprendizaxe de linguas (Ruiz 2001; Suisse 2016).

Independentemente do punto de vista que os investigadores adoptan, as linguas establecen relacións de proximidade e afastamento. Á marxe da orixe e das diferenzas tipolóxicas todas as linguas teñen características comúns. Distinguir que fenómenos xorden froito de procesos internos e cales por influencia doutra(s) lingua(s) non é tarefa doada. Ademais, os procesos de cambio nas linguas responden a factores moi diversos e moitas veces non se pode atribuír ao contacto a causa dun determinado cambio nunha lingua, como veremos.

Con todo, no presente traballo imos sinalar algúns aspectos que, na nosa opinión, tiveron orixe no contacto lingüístico entre mirandés e portugués. Estas dúas linguas conviven dende hai séculos no extremo nordeste de Portugal, na rexión de Trás-os-Montes, nunha parte considerable do territorio da histórica rexión da Terra de Miranda. Son varios os fenómenos lingüísticos que se produciron debido ao contacto entre ambas as linguas. Aínda que se pode afirmar que mirandés e portugués comparten territorio dende antes do xurdimento do Reino de Portugal, sabemos que o contacto foi intensificándose co paso do tempo. Hai que sinalar que a presenza do portugués no territorio de fala mirandesa aumentou considerablemente na segunda metade do século xx coa melloría das comunicacións, a xeneralización do ensino, a construción dos encoros no río Douro e a chegada da radio e da televisión, entre outros factores.

O contacto lingüístico entre as dúas linguas que aquí son obxecto de análise é asimétrico. O portugués é unha lingua cunha tradición de escrita que vén de longa data, é a lingua do ensino, da Igrexa e do Estado, mentres que o mirandés

non é a lingua das institucións e careceu até hai dúas décadas dunha variedade normativa para a súa codificación. Neste contexto, non é de estrañar que a maioría dos casos de interferencia lingüística se produzan con maior frecuencia na lingua mirandesa. O contexto sociolingüístico é un dos factores que tivo un papel determinante nalgúns dos procesos que se documentan no mirandés contemporáneo e que serían dificilmente explicables sen ter en consideración o contacto entre ambas as linguas e a relación que entre elas se estableceu: portugués, lingua oficial, e mirandés, a lingua falada pola maioría da poboación, pero só nos contextos familiares e entre veciños (García Gil 2018: 187).

Neste traballo imos analizar algúns fenómenos que son o resultado do contacto lingüístico entre ambas as linguas no plano fónico, léxico e morfosintáctico. Cinxirémonos a aqueles fenómenos lingüísticos que, na nosa opinión, teñen a súa xénese no contacto entre portugués e mirandés. Outro dos aspectos centrais da investigación que aquí se presenta é establecer até que punto o contacto lingüístico pode ser determinante no rumbo que toma a evolución dun idioma.

Por fin, hai que ter en conta cales son as variedades de portugués que entraron en contacto co mirandés, pois a influencia do portugués estándar, comunmente denominado portugués *padrão*, foise intensificando ao longo do último século. Antes diso os falantes de mirandés estaban máis expostos á variedade de portugués falada na rexión transmontana.

2. LINGUAS EN CONTACTO: MIRANDÉS E PORTUGUÉS

O mirandés estivo e aínda está en contacto con diversas variedades de portugués. Dende hai séculos, o mirandés mantivo un contacto moi estreito coa variedade transmontana (Santos 1967; Skorge 1956-1957). Deste contacto prolongado no tempo son testemuño as entradas que se atopan nos varios dicionarios portugueses coa designación de “regionalismo transmontano”. Esa denominación agocha frecuentemente unha palabra mirandesa que entrou no portugués da rexión onde se fala ou se falou mirandés. Son exemplo disto as palabras portuguesas *adil* (‘terreo baldío’), *arar* (‘labrar’), *caramono* (‘moneco’, ‘monicreque’), utilizadas no portugués transmontano e que son, moi probablemente, palabras vidas do mirandés. Pero como veremos no apartado dedicado ao léxico hai numerosas palabras portuguesas que entraron no léxico mirandés.

Por outra banda, hai que sinalar que dende os anos 50 do século xx a variedade que máis influencia o mirandés é o portugués *padrão* ou estándar, falado na televisión e nas radios. A introdución do servizo militar obrigatorio, e as consecuentes tempadas fóra da Terra de Miranda, a chegada masiva de traballadores doutras rexións de Portugal para a construción dos encoros ou a xeneralización do ensino (que era exclusivamente en portugués até mediados dos anos oitenta) explican que o mirandés estea en máis estreito contacto co portugués estándar.

O contacto entre estes dous idiomas foi sempre asimétrico. A designación dada entre os mirandeses ao portugués, “*fala grave*” ou “*fidalga*”, e ao mirandés, “*nuossa fala*” ou “*fala charra*”, son esclarecedoras. Estas designacións traducen ben cal era o papel que cada idioma tiña na sociedade mirandesa pero tamén indican, en particular a designación “*nuossa fala*”, a forte identidade lingüística que tiveron e teñen os falantes de mirandés, e que en boa medida explica como esta lingua chegou con tanta vitalidade até os nosos días (Gómez Bautista 2013: 16-17).

As consecuencias do contacto lingüístico entre os dous idiomas obxecto deste estudo son variadas e inciden en ambos os idiomas. Isto é, o mirandés prestou elementos ao portugués e viceversa. Porén, como xa foi referido, debido ao contexto sociolingüístico, o mirandés foi influenciado con máis frecuencia polo portugués. Nos seguintes apartados describimos algúns dos fenómenos lingüísticos que foron xerados polo contacto entre portugués e mirandés.

3. A ORTOGRAFÍA

O primeiro aspecto que debemos ter en consideración é a ortografía do mirandés. Simplificando moito as cousas, podemos afirmar que o mirandés adoptou xa na proposta de Gonçalves Viana (finais do séc. xix) opcións ortográficas baseadas no portugués (Viana 1884: 151-152). Hai que ter en conta que a maioría dos escritores en lingua mirandesa aprenderon a escribir primeiro en portugués. Ademais, a *Convenção Ortográfica da Língua Mirandesa* de 1999 foi feita por lingüistas que non eran falantes da lingua (porén, si tiñan fluidez en mirandés a maioría dos colaboradores non lingüistas). Ademais, no texto da *Convenção Ortográfica da Língua Mirandesa* maniféstase de xeito explícito a preferencia de solucións próximas do portugués co seguinte argumento:

Estando a aprendizagem do mirandês ligada ao portugués, a maioría das solucións adoptadas aproxima-se mais das solucións portuguesas do que das españolas. Por exemplo, escrevendo-se en portugués *mulher* con *lh*, non faría sentido que se escribese con dois *l* a palabra mirandesa *mulhier* (Ferreira & Raposo 1999: 11).

Tamén se utiliza como argumento o respecto pola tradición escrita mirandesa que, como xa referín, tamén se baseaba no portugués, aínda que a diferenza da *Convenção* de 1999, que sigue un criterio foneticista, a tradición mirandesa mantiña algúns trazos etimolóxicos, como a distinción que algúns autores facían entre *v* e *b* na grafía, como por exemplo Manuel Preto, que escribiu así antes de existir a *Convenção Ortográfica da Língua Mirandesa*:

Iê ùa cruz anteiriça

La Cruz de Côsta...

Quantos anhos haverá

Qu'eihi fui posta (Preto 1993: 71).

(Tradución: É unha cruz dunha soa peza / a Cruz de Costa... / Cantos anos fará / Que foi chantada alí?).

Segundo as regras da *Convenção Ortográfica da Língua Mirandesa* de 1999 “iê” pasou a escribirse “yé”, “Côsta” a “Cuosta”, “haverá” a “haberá” (neste último caso recuperouse a forma etimolóxica descartando a forma con *v*) e “posta” pasou a “puosta”.

4. FONÉTICA E FONOLOXÍA

Neste apartado analízase a influencia que o portugués tivo na conservación do *-a* protético, do *-e* paragóxico e do ditongo *-ão* (unicamente no mirandés de Sendín), e, ademais, na ausencia de palatalización de *l*- nalgunhas palabras mirandesas.

4.1. Adición de vogais

En mirandés hai dous procesos fonéticos polos que se engaden vogais, un no inicio e outro no fin da palabra, que teñen paralelismos en portugués e tamén noutras linguas románicas, como é o caso do galego.

4.1.a. O *a-* protético

Ás veces engádeselles a determinados verbos un *a-* inicial que non ten orixe etimolóxica e non achega significado; nestes casos é frecuente empregarse tamén a forma sen *a-*. Este é un proceso de fonética sintáctica que tamén se documenta en galego (Freixeiro Mato 1998: 98-99), en asturiano (Academia de la Llingua Asturiana 2001: 312-315), en leonés e en portugués coloquial. En mirandés rexístranse numerosos neoloxismos formados con *a-*, por exemplo: *asperar* ou *sperar* ('esperar'), *achegar-se* ou *chegar-se* ('achegarse'), *responder* ou *arresponder* ('responder'). Aparece tamén en formacións máis antigas, como nos seguintes exemplos: *alhebantar* ou *lhebantar* ('levantar'), *abaixar* ou *baixar* ('baixar').

Coexisten, pois, en mirandés formas equivalentes semanticamente co *a-* protético e sen el. Nestes casos, as formas precedidas de *a-* en idiomas como o portugués e o galego serían na maioría das veces consideradas vulgarismos, algo que en mirandés non ocorre (*alhebantar* / *lhebantar*, *amadurar* / *madurar*). Incluso encontramos casos en que, na lingua literaria, os autores teñen predilección polas formas con *a-*:

Alguns bagos stában algo amargosos, pus inda era cedo para las ubas **amaduráren**, anque l mostaquél fusse ua uba para cedo que até se comie quando inda solo habie tinta raçada (Niebro 2001: 82).

(Tradución: Algunhas uvas estaban algo amargas, pois aínda era cedo para que estivesen maduras, aínda que o moscatel fose unha variedade de cedo que até se comía cando aínda só había uvas que comezaban a madurar).

José Leite de Vasconcelos refire que, aínda que este fenómeno é común ao portugués coloquial (Vasconcelos, 1900: 462) e ao mirandés, non resulta doado determinar até que punto se pode tratar de una influencia do portugués ou unha evolución normal da lingua mirandesa:

Se em algumas palavras se junta a-, também se suprime noutras, como brigada (abrigada), carinhar (acarinhar) cunhar (acunhar), [...] guilhada (aguilhada), sonar (assoar <a-sonare) (Vasconcelos 1900: 462).

Vemos que non resulta doado determinar cal é o grao a interferencia do portugués no mirandés no que se refire á vitalidade do *a-* protético, pois hai exem-

plos en que parece existir un paralelismo co portugués coloquial, pero tamén hai casos, como os que referiu José Leite de Vasconcelos, en que o mirandés non coincide co portugués.

4.1.b. *A paragoxe*

A paragoxe é a adición dun elemento ao final da palabra. A paragoxe de *-e* final é frecuente en mirandés (moi a miúdo en verbos no infinitivo), está moi viva no mirandés coloquial, de forma semellante ao que ocorre no portugués coloquial e en galego. Normalmente atopamos a adición de *-e* en palabras oxítonas: *falare*, *comere* ou *formale*, as tres son comúns a portugués e mirandés. Coidamos que pode tratarse dunha interferencia do portugués ou polo menos que a existencia deste fenómeno na lingua de Camões, con moita presenza no portugués da rexión transmontana, moi posiblemente favoreceu a preservación do *-e* paragóxico en mirandés.

4.2. Os ditongos

Unha das diferenzas entre o mirandés e o portugués é a inexistencia de ditongos nasais na lingua mirandesa, a excepción do ditongo *-ão*, que, como veremos, se emprega na variedade de mirandés falada en Sendín.

4.2.1. *O ditongo <ye> [je]*

O ditongo [je] documéntase en todo o territorio mirandés en inicio de palabra (*yerba*, *yeuga*, *ye*). Ademais, no imperfecto de indicativo do verbo *ser* no mirandés raiano consérvase este ditongo na serie *yera*, *yeras*, *yera*, *yeramos*, *yerades*, *yeran*, perante as formas *era*, *eras*, *era*, *éramos*, *érades*, *éran* empregadas no resto do mirandés. Na *Convenção Ortográfica da Língua Mirandesa* só se consignan as formas sen ditongo (*era*, *eras*, *era...*). En San Ciprián de Senabria documéntanse as formas *yéra*, *yéres*, *yéra*, *yéremus*, *yéredes*, *yéren* (Krüger 1923: 104). Na nosa opinión, as formas do mirandés xeral perderon o primeiro elemento do ditongo converxendo coas formas portuguesas do pretérito imperfecto do indicativo do verbo *ser*. Nótese que en mirandés hai unha tendencia cada vez máis xeneralizada

de perda do primeiro elemento dos ditongos [je] e [wo] (tamén en interior de palabra), salvo no caso do mirandés de Sendín, onde é o primeiro elemento do ditongo o que se conserva, perdéndose o segundo. Estas formas sen semivogal son máis modernas, o mirandés raiano é máis conservador e estivo máis en contacto coas variedades ástur-leonesas faladas no outro lado da fronteira, o que debeu de favorecer a preservación destas formas patrimoniais. Un dato que serve para reforzar a idea da importancia que tivo o contacto coas variedades ástur-leonesas veciñas na preservación destes trazos, contrarrestando a interferencia do portugués, é que a segunda persoa de singular do presente de indicativo do verbo *ser* no mirandés xeral é *sós*, mentres que nas aldeas raianas a forma utilizada é *yes*, coma na maioría das variedades ástur-leonesas.

4.2.2. O ditongo -ão

En mirandés é xeral a terminación *-on*, pero na variedade falada en Sendín, en lugar desta, atopamos sempre o ditongo nasal *-ão* [ẽw̃] cunha realización que é idéntica á do portugués. José Leite de Vasconcelos xa sinalou esta solución como exclusiva do mirandés de Sendín e referiu que se pronunciaba igual ao portugués (Vasconcelos 1900: 183-184). Non é posible avaliar con base en datos empíricos se para chegar a esta solución converxente tivo un papel decisivo o contacto co portugués ou se se trata dunha evolución interna da variedade de mirandés falada en Sendín. O feito de Sendín ser unha terra de paso, onde houbo forte presenza de xudeus e cristiáns novos que se refuxiaban nesta terras periféricas do reino para fuxir das persecucións, fainos pensar que estamos perante unha interferencia do portugués que deu azo a esta solución converxente.

4.3. Non palatalización do L- latino

Este é un dos trazos máis característicos da familia lingüística constituída polo leonés, o asturiano e o mirandés. Herculano de Carvalho defende que a palatalización do L- latino en posición inicial foi a solución que se xeneralizou en mirandés:

[O] mirandês historicamente não devia possuir nenhum /l/ nesta posição. Mas a adoção de um número considerável de portuguesismos e castelhanismos determinou a existência

de /l/ inicial de palabra. Algunhas parellas como /líbru/ e /líbru/, /labrador/ e /labradór/ são testemuño de una tentativa de adaptación dos elementos estranhos ao antigo sistema, hoje definitivamente ultrapassado (Carvalho 2015: 156-157).

Esta situación de predominio case absoluto do /k/ proveniente de L- latino viría a ser alterada polo contacto co portugués, grazas á incorporación de palabras portuguesas ao léxico do idioma. A finais do século XIX, Leite de Vasconcelos amosaba algunha sorpresa ao atopar xa algunhas excepcións á regularidade da palatalización de L- latino.

Dei uma lista pouco extensa, porque está neste fenómeno um dos caracteres do mirandês normal em relação ao português e ao hespanhol litterario, onde tal fenómeno não sucede. Ao mesmo tempo fica estabelecida uma das diferenças que existem entre o mirandês central-raiano, de um lado, e o sendinês, do outro.

Offerecem lh- mesmo algumas palavras mirandesas cuja etymologia é desconhecida, ou pelo menos não é claramente latina (...)

Observação 1.^a - Em muitas palavras do mirandês normal não se observa inicialmente lh-, como: *lampiöü*, *linterna*, *ladeínha*, *licença*, *lista*, *lápeç*, *lépedo*, *lecre* («leque»), *letra*, *lebe* («leve»), *liçöü*, *licença*, *limöü*, *lima*, *löua* («loa»), *löuro* (côr), *löureiro*, *lona*, *lua* («luva»), *liso*, *lei*, *lial* (Vasconcelos 1900: 260).

As palabras de Leite de Vasconcelos parecen indicar que xa a finais do século XIX habería certo recuo da palatalización de L- inicial latino sobre todo pola entrada de léxico proveniente do portugués, onde este fenómeno non se verifica. A partir da publicación da *Convenção Ortográfica da Língua Minrandesa* (1999) e do rexurdimento literario que se seguiu, rexístrase a palatalización de L- tamén nos neoloxismos. Neste aspecto o mirandês aseméllase a outras variedades ástur-leonesas pero afástase de linguas onde o L- inicial latino tamén palatalizou, como é o caso do catalán, onde os neoloxismos non palatalizan (por exemplo en catalán: *literatura*, *lingüístic*, *lematització*...). Así, en mirandês, hai neoloxismos como *lhenguística*, *lhiteratura*, *lhançamiento*, *lhibro*. Aínda que en palabras tomadas do portugués hai máis tempo non se documenta este fenómeno, como por exemplo en *lei*, *licion*, *liçon* ('lección'), *lhégua* ('legua') etc. Nunha carta do Abade Sardinha enderezada a José Leite de Vasconcelos datada a 31 de marzo de 1885, inédita e lida por Amadeu Ferreira, vemos os seguintes exemplos: *lhengua*

(‘lingua’), *lhastimaes* (‘lastimades’), *lhembrança* (‘acordanza’), *lhúito* (‘luto’), *lhugar* (‘lugar’), *lhiêve* (‘leve’), *lhebou* (‘levou’), *lhado* (‘lado’). Pero por outra banda escribe: *literatedos* e *letras*. Aínda que son poucos exemplos como para facer xeneralizacións, o que si parece indicar este texto e as informacións que recolleu Leite de Vasconcelos nas súas viaxes á Terra de Miranda é que a palatalización de L- en neoloxismos é un fenómeno moi recente en mirandés.

Alén dos casos mencionados, non atopamos outros aspectos da fonética e da fonoloxía do mirandés que poidan ser apuntados como froito do contacto ou da interferencia do portugués.

5. O LÉXICO

Xeralmente, é no léxico onde se produce con máis frecuencia a adopción de elementos doutras linguas; no caso mirandés, sobre todo, aparecen termos procedentes do portugués.

5.1. Modificacións nos campos lexicais

Ás veces prodúcense alteracións nos campos lexicais. Temos observado que algúns campos lexicais do mirandés son modificados por influencia do portugués. É o caso do campo lexical da conta dos días, en que as formas xenuínas do mirandés *trasdontaine*, *apuis de pasado manhana*, están a recuar na fala espontánea:

	-3	-2	-1	Hoxe	+1	+2	+3
Mirandés	<i>trasdontaine</i>	<i>trasdonte</i>	<i>onte</i>	<i>hoije</i>	<i>manhana</i>	<i>passado /passado manhana</i>	<i>apuis de pasado manhana</i>
Portugués	∅	<i>antes de ontem</i>	<i>ontem</i>	<i>hoje</i>	<i>amanhã</i>	<i>depois de amanhã</i>	∅

Táboa 1. Comparanza do campo lexical da referencia dos días partindo de “hoxe” en portugués e mirandés

Na Táboa 1 temos as formas mirandesas para referirse aos días tendo como referencia o *nunc* e a súa correspondencia en portugués, cando esta existe. As posicións -3 e +3 están caendo en desuso en mirandés, na nosa opinión por acomodación ao sistema do portugués en que esas formas (*trasdoutonte* e *apuis de passado manhana*) non existen. Por outra parte, nótese que a forma *onte* semella ser un portuguesismo (do latín *ad noctem*. cf. asturiano *ayeri*, do latín *AD HERI*). Hai outra maneira de referirse aos días pasados ou vindeiros en mirandés que tamén está a recuar no mirandés contemporáneo: *a soutordie* ('o día despois'); *a sourtodie i soutro* ('dous días despois'/ 'de hoxe a dous días'); *l die atrás*; *hai dous dies*.

5.2. Préstamos do portugués

Entre as palabras tomadas doutras linguas, as provenientes do portugués teñen un lugar de relevo. Isto é debido a varios factores, tales como: o contacto continuo entre mirandés e portugués dende antes da fundación do Reino de Portugal, o feito de os falantes de mirandés coñeceren e empregaren o portugués acotío, sendo que hoxe practicamente todos os falantes de mirandés son bilingües. Outras veces, atópanse pares de palabras co mesmo significado *competindo*, como é o caso de *salimientto*, formada segundo os procesos internos do idioma, mediante derivación, que acabou por relegar a *lhançamiento*, adaptación do portugués *lançamento* e amirandesada mediante a palatalización de L-. Neste caso acabou por imporse *salimientto* para referir a presentación pública dun libro, se ben que nos primeiros anos do século XXI dominaba nos textos escritos o lusismo *lhançamiento*.

É habitual en todas as linguas, cando se incorpora un concepto novo ou un obxecto que non existía até ese intre, importar tamén a palabra que designa ese concepto ou obxecto. No caso do mirandés é importante referir tamén o seguinte:

La apropiación de voces de otras lenguas es un fenómeno que se ha producido en mirandés en todas las épocas y por este medio se ha incorporado un importante número de vocablos por esa vía. No es fácil estudiar este fenómeno en mirandés, pues apenas tenemos documentos escritos de las diferentes épocas de la historia de la lengua, como

varias veces hemos señalado en el epígrafe referente a la revitalización del vocabulario, el mirandés diverge del portugués y del español, y de las demás lenguas de cultura europeas que sí pasaron por los procesos de incorporación y renovación del léxico que se produjeron desde el siglo xv. [...] Resulta también difícil ver, en ciertos casos, si esas palabras importadas entraron directamente en el mirandés o indirectamente, desde el portugués o el español. Como se sabe, la incorporación de voces está íntimamente relacionada con la historia del territorio donde se habla una lengua, con su historia cultural y con la de los pueblos que por allí pasaron, y que, en algunos casos, se asentaron en el territorio (Gómez Bautista 2013: 326-327).

Tamén atopamos exemplos en mirandés de palabras que chegaron do portugués para substituír palabras mirandesas que tiñan o mesmo significado. Nos casos que aquí amosamos estamos, moi probablemente, ante préstamos innecesarios que quizais deberon ser adoptados por outros motivos que non a falta dun vocábulo para designar un concepto ou un obxecto novidoso:

Palabras patrimoniais

Deixado ('divorciado')

tiempo, aire

apegador ('imán')

Palabras tomadas do portugués

zbrociado ('divorciado')

atmosfera

íman

Con todo, encontramos outras palabras procedentes do portugués para as que non se achou un sinónimo ou equivalente patrimonial, por exemplo: *scribana* ('escritorio'), *albador* ('ascensor'), *stante* ('estante', 'librería'), *ancanhaçon* ('canalización'), *speto* ('espeto'), *pertençaria* ('cadea'), *ambalaige* ('envase'), *ouparar* ('operar'), *ouparaçon* ('operación'), *ouparador* ('operación'), *tencion* ou *tençon* ('intención').

Vimos que ás veces o termo portugués substitúe unha palabra xa existente no idioma. O primeiro exemplo documentado en mirandés deste fenómeno foi o apuntado por Leite de Vasconcelos, quen consideraba as formas mirandesas *abuolo* e *abuola* ('avo' e 'avoa'), xa nesa época, formas obsoletas e en desuso fronte ás formas do mirandés moderno *abó* ou *bó*, que deberon xurdir pola influencia do portugués (*avô* e *avó*) (Vasconcelos 1900: 329).

6. A MORFOSINTAXE

Preséntanse a seguir algúns exemplos da interferencia do portugués na morfoloxía mirandesa.

6.1. Contraccións da preposición *an* (e as variantes *ne* e *en*) e as formas do artigo determinado

Nas contraccións da preposición *an* / *en* / *ne* mais o artigo determinado *l*, *la*, *lo*, *la* encontramos as seguintes formas:

	Singular	Plural
Masculino	<i>ne l</i> / <i>no</i>	<i>ne ls</i> / <i>nos</i>
Feminino	<i>an la</i> / <i>en la</i> / <i>na</i>	<i>an las</i> / <i>en las</i> / <i>nas</i>

Táboa 2. Contraccións da preposición *an*, *en* ou *ne* e do artigo *l*, *la*, *lo*, *la*

As formas *no*, *nos*, *na* e *nas* coinciden coas solucións portuguesas e moi probablemente tiveron a súa orixe en mirandés pola interferencia da lingua dominante. No traballo de campo temos notado que por veces un mesmo falante alterna entre *ne l*, *en l* e demais formas no feminino e no plural (máis frecuentes nas aldeas raianas, máis expostas á influencia leonesa) e que as formas máis frecuentes en moitas das aldeas son *no*, *na*, *nos*, *nas*. Esta observación deberá ser contrastada por futuros traballos que se ocupen de estudar este fenómeno de forma sistemática.

6.2. Xénero dos substantivos

Hai algunhas palabras mirandesas que teñen xénero distinto ao dos cognados portugueses. Con todo, é posible escoitar a falantes de mirandés empregando estas palabras co xénero que se lle atribúe en portugués.

En mirandés son femininas: *la calor* ('a calor'); *la fresca* ('a fresca'); *la risa* ('o riso'); *la questume* ('o costume'); *la pantasma* ('a pantasma'). E son masculinas: *l alcatre* ('a alcatra'); *l delor* ('a dor'); *l febre* ('a febre'); *l naciente* ('o nacedoiro'); *l quemido* ('a comida'); *l stante* ('o estante', 'a librería').

A transferencia do xénero dos substantivos do portugués para o mirandés (nos casos en que estes non teñen o mesmo xénero) é aínda un fenómeno esporádico pero non deixa de ser un indicio dun proceso de interferencia da lingua dominante no mirandés que poderá co tempo vir a ser outro caso de converxencia lingüística.

Hai tamén palabras que poden ser masculinas e femininas: *la fin* ('a fin')/ *l fin* ('o fin'); *la sangre* / *l sangre* ('o sangue').

No primeiro volume de *Estudos de Philologia Mirandesa*, José Leite de Vasconcelos sinala que a palabra *fin* se emprega como masculina, pero ten un uso en que se emprega en feminino: *na fin, la fin de l mundo* (Vasconcelos 1900: 325).

6.3. Derivación: os sufixos *-inho, -inha*

Este é un sufixo característico do galego e do portugués que ten valor diminutivo, procedente do latín *-ĪNUS* (Pharies 2002: 343), pero pouco produtivo en mirandés con ese valor. O emprego do sufixo *-inho, -inha* parece un caso de interferencia do portugués (Vasconcelos, 1900: 339). Trátase, sen dúbida, dunha influencia antiga. Por outra banda, Ramón Menéndez Pidal sinalaba, ao referirse á forma ástur-leonesa *-in*, que “en Miranda [...] se usa algún *-iño* por influencia portuguesa” (Menéndez Pidal 2006: 75) ou en palabras que foron importadas xa con ese diminutivo incorporado (*cuçpinha, magarcinha, maruxinha, miçquinha, morrinha*). Emprégase a miúdo *-inho, -inha* con antropónimos e hipocorísticos orixinarios da lingua oficial, por exemplo: *Aninhas, Zezinho...*

6.4. Morfoloxía verbal

Encontramos algúns exemplos da influencia que a lingua portuguesa pode ter na morfoloxía verbal, que describimos seguidamente.

6.4.1. *O auxiliar nos tempos compostos*

Na obra xa citada de José Leite de Vasconcelos afirma este autor que na formación dos tempos compostos mirandeses “entrava o verbo *tenér*, e ás veces o verbo *habér*. [...] Em mir., segundo o que tenho observado, usa-se *tenér* e *habér*,

sendo tenér o auxiliar preferido” (Vasconcelos 1900: 405). O verbo máis usado en portugués como auxiliar nos tempos compostos é *ter* (Cunha & Cintra 2002: 399), pero non ocorre o mesmo en mirandés, pois o verbo auxiliar máis utilizado nos tempos compostos, aínda hoxe, en todas as variedades do idioma é *haber*. Moi probablemente os informantes que entrevistou José Leite de Vasconcelos debérono inducir a erro nalgúns dos exemplos que recolleu. Con todo, esta cuestión do emprego do auxiliar *haber* ou *tener* en mirandés necesita de estudos máis profundados antes de podermos sacar conclusións.

6.4.2. Os sufixos verbais *-ear* e *-ejar*.

Hai verbos que presentan un *-j-* entre a base do verbo e o morfema *-ar* da primeira conxugación. As formas con *-j-* non son correctas en mirandés e trátase dunha interferencia do portugués:

acarrear / acarrear (‘carretar’ ou ‘carrexar’)

apedrear / apedrear (‘tirar pedras’)

bafear / bafear (‘bafexar’)

desear / desejar (‘desexar’)

sbrecear / sbracejar (‘bracear’)

trabear / trabear (‘colocar unha trabe’)

7. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Dos casos analizados no presente estudo, podemos extraer algunhas conclusións.

En primeiro lugar, conséntase que os factores que están na base do cambio lingüístico son complexos e non resulta fácil establecer unha única causa que explique unha determinada solución ou cambio lingüístico. Nese sentido, coídamos que algúns dos exemplos que se sinalaron non teñen como única causa o contacto co portugués. A xeografía, a historia, aspectos sociais e económicos (entre outros) tamén tiveron e teñen moita importancia. Pero en maior ou menor medida o contacto co portugués tivo un peso determinante na evolución dos fenómenos que referimos nos apartados anteriores.

En segundo lugar, de todo o anteriormente exposto resulta evidente que unha lingua menos prestixiada e afastada das institucións é máis receptiva ás contribucións dunha lingua dominante coa que comparte territorio e falantes. O reducido número de mirandesismos documentados en portugués (incluso no portugués de Trás-os-Montes) son proba disto, e aínda está por determinar até que punto estas palabras non serán elementos de substrato e non de adstrato, pois en boa parte do nordeste transmontano o ástur-leonés foi substituído polo portugués. Por outro lado, non sempre resulta fácil demostrar que un determinado fenómeno non se produciría nun contexto en que a lingua non estivese nesa situación de contacto asimétrico.

Hai que sinalar que o predominio de casos relacionados coa fonética e fonoloxía e morfoloxía ten a ver co feito de ser o campo máis estudado por nós e non é debido necesariamente a unha maior exposición desta parte da gramática da lingua á influencia do portugués. Feita esta matización, outro aspecto que debería ser estudado dun xeito máis sistemático, pois non temos neste momento datos suficientes para o facer, é o grao de submisión á interferencia da lingua dominante. Non obstante, ademais da falta de datos hai outro aspecto que dificulta esta análise e que non podemos ignorar: referímonos á existencia de fondo lingüístico común ao galego, ao portugués e ao ástur-leonés, que se materializa en diversos ámbitos destas linguas, dende a prosodia até o léxico, pasando pola sintaxe, o que torna aínda máis difícil sinalar e clasificar os casos de interferencia entre estas linguas.

Dos datos que manexamos, tórnase evidente o impacto que tivo, e aínda ten, no idioma o proceso de urbanización incipiente da Terra de Miranda. Outros aspectos que poden estar a afectar o idioma mirandés, pero para os que aínda non temos datos suficientes para os analizar debidamente, é a baixa transmisión xeracional e a ausencia dunha política lingüística; estes factores provocan que este idioma estea máis vulnerable á interferencia da lingua dominante.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Academia de la Llingua Asturiana. 2001. *Gramática de la Llingua Asturiana*. Oviedo: ALLA.
- Appel, Rene & Pieter Muysken. 1987. *Language contact and bilingualism*. London / Baltimore: Oxford.
- Carvalho, José Gonçalo Herculano. 2015. *Fonologia Mirandesa e Outros Estudos sobre o Mirandês*. Picote / Coimbra: Fragua / Imprensa da Universidade de Coimbra.
- Cunha, Celso & Luís Filipe Lindley Cintra. 2002. *Gramática do Português Contemporâneo*. Lisboa: Sá da Costa.
- Ferreira, Manuela Barros & Domingos Raposo (coords.). 1999. *Convenção Ortográfica da Língua Mirandesa*. Miranda do Douro / Lisboa: Câmara Municipal de Miranda do Douro / Centro de Linguística da Universidade de Lisboa.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón. 1998. *Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- García Gil, Hector. 2018. La nuesa llingua nel restu del dominiu llingüístico ástur. En Academia de la Llingua Asturiana (ed.), *Informe sobre la llingua asturiana*, 183-191. Siero: ALLA/Gobierno del Principado de Asturias.
- Gómez Bautista, Alberto. 2013. *El mirandés: historia, contexto y procesos de formación de palabras*. [Tese de doutoramento]. Disponível em <https://eprints.ucm.es/23981/1/T35037.pdf>
- Hickey, Raymond. 2010. Language contact: Reconsideration and reassessment. En Raymond Hickey (ed.), *The Handbook of language Contact*, 1-29. Malden: Wiley-Blackwell.
- Heath, J.G. 1984. Language Contact and Language Change. *Annual Review of Anthropology* XIII, 367-384.
- Krüger, Fritz. 1923. *El dialecto de San Ciprián de Sanabria*. Monografía Leonesa. Madrid: Imprenta de los sucesores de Hernando.
- Malmberg, Bertil. 1995. *La lengua y el hombre. Introducción a los problemas generales de la lingüística*. Madrid: Akal.
- Manchón Ruiz, Rosa María. 2001. Un acercamiento psicolingüístico al fenómeno de la transferencia en el aprendizaje y uso de segundas lenguas. En Susana Pastor Cesteros & Ventura Salazar García (eds.), *EULA*, anexo 1, 39-71.
- Menéndez Pidal, Ramón. 2006. *El dialecto leonés*. León: El Búho Viajero. [Edición facsímil conmemorativa dos cen anos da primeira edición desta obra (1906)].
- Moravcsik, Edith. 1978. Language Contact. En J. Greenberg (ed.), *Universals of Language. Vol. I: Method and Theory*, 93-123. New York: Academic Press.
- Niebro, Francisco. 2001. *Las Cuntas de Tiu Jouquin*. Porto: Campo das Letras.
- Pharies, David. 2002. *Diccionario etimológico de los sufijos españoles*. Madrid: Gredos.
- Preto, Manuel. 1993. *Bersos mirandeses*. Vila do Conde: Salesianas.
- Sala, Marius. 1998. *Lenguas en contacto*. Madrid: Gredos.
- Santos, Maria José de Moura. 1967. Os Falares Fronteiriços de Trás-os-Montes. Separata da *Revista Portuguesa de Filologia*, vols. XII, tomo II, XIII y XIV. Coimbra: Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra.
- Skorge, Silvia. 1956-1957. Os sufixos diminutivos em português. *Boletim de Filologia* 16. 50-90 e 222-305.
- Suisse, Abdelilah. 2016. *Transferência linguística na aprendizagem do português como terceira língua estrangeira por estudantes universitários marroquinos*. [Tese de doutoramento]. Disponível em <https://ria.ua.pt/bitstream/10773/16296/1/tese.pdf>.

- Vasconcelos, José Leite de. 1900. *Estudos de Philologia Mirandesa*, vol. I. Lisboa: Imprensa Nacional.
- Viana, Aniceto dos Reis Gonçalves. 1884. O Evangelho de S. Lucas Traduzido em Língua Mirandesa. *Revista de Educação e Ensino* ano IX. 151-152.
- Weinreich, Uriel. 1953. *Languages in Contact*. A Haia: Mouton.
- Weinreich, Uriel. 1968. Unilinguisme and bilinguisme. En André Martinet (ed.), *Encyclopédie de la Pléiade. Le Langage*, 647-684. Paris: Éditions Gallimard.